

Pilar Candocia, Olalla Alvite, Susana Mayo e Anxo Doval concelleiros/as da corporación de Ames, e ao abeiro do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte:

MOCIÓN DE AMES NOVO SOBRE AS ACHEGAS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DE FESTAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo das últimas décadas Ames tivo unha importante vida asociativa cultural que deu lugar a múltiples iniciativas que contaron sempre cun importante respaldo por parte dos gobernos locais e que era recoñecida alén do noso municipio. O traballo desinteresado das súas directivas e as achegas da administración son as pezas básicas para seguir mantendo esa actividade, e o concello debe apoiar o labor das asociacións polo ben común.

Nos últimos dous anos produciuse un descenso drástico nas achegas do Concello a Asociacións culturais e de festas, caendo dos 85.273,51 € en 2010 aos 39.201,24 en 2012, ou sexa o concedido neste ano supón é só o 45,97 % do de hai dous anos, o que pon en perigo a continuidade desas actividades. Nin sequera a crise económica xustifica esta situación, xa que neses anos o orzamento foi moi superior ao que finalmente a administración concedeu, para este ano 2012 -resolvido en marzo de 2013- o reservado e publicado na convocatoria de subvencións ascendía a 69.600€ e o concedido son 39.201,24€, só se concede o 56,32% do orzamentado. As razóns diso están en primeiro lugar nunhas bases de convocatoria draconianas nos requisitos de xustificación que desincentivan facer as solicitudes, pero tamén unha información insuficiente e a falta de iniciativas de promoción e axudas por parte da administración ás asociacións para que fagan esas solicitudes.

O Pleno do Concello de Ames recoñece o labor que as asociacións están a facer e comprométese con ese traballo adoptando medidas que aumenten a achega desta administración e

ACORDA:

- ✗ Distribuír entre as Asociacións Culturais que solicitaron achegas para actividades na convocatoria de 2012, a diferenza entre o que a resolución desta convocatoria lle concedeu e o total solicitado xa que o orzamentado é suficiente, poñendo como requisito a xustificación pertinente.
- ✗ Habilitarase un novo período para o reparto completo da contía establecida na convocatoria -o non asignado- esixindo a xustificación pertinente, e interpelarase de novo a todas as comisións de festas, concorreran ou non á mesma.
- ✗ Constituír unha comisión entre o goberno, a oposición, as asociacións, e comisións de festas para consensuar unhas bases das convocatorias. Esta comisión iniciará os seus traballos antes do próximo 15 de maio.
- ✗ No presente ano as convocatorias realizaranse antes do 30 de xuño e deberán estar resoltas antes de finais do mes de Outubro. Para vindeiros anos as convocatorias realizaranse nos dous primeiros meses do ano e deberán estar resoltas antes de finais de maio, para que asociacións e comisións saiban con que van contar; así mesmo determinarase un límite máximo de 1 mes no que o Concello debe aboar as axudas unha vez xustificadas.
- ✗ O Concello adicará o 0,5% do seu orzamento a achegas ou convenios con asociacións culturais e comisións de festas. Os convenios antes da súa sinatura deberán ter, en todo caso, un período de exposición pública antes da súa sinatura.